

## Informe sobre o apelido *Mañana*

*Mañán* e *Mañá* son dúas formas dun mesmo apelido que se remontan a un latino *Manianus*, der. de *Manius*, un dos nomes de persoa máis antigos do mundo romano, pois xa aparece na Fíbula prenestina (*Manios med fhefhaked Numasioi*), un broche de ouro atopado en Palestrina, datado no século VII aC e considerado o máis antigo documento en latín. É arriscado facer etimoloxía das primeiras palabras dunha lingua, pero, como o nome *Manios* evoca o adv. latino *mane* (que significa “mañá”), tense formulado a hipótese de se orixinalmente significaría ‘o nacido cedo’.

O caso é que dese antiquísimo *Manios* debe proceder o medieval *Manianus* (feminino *Maniana*) de onde seguramente vén o apelido obxecto deste informe.

Na toponimia galega encontramos *Os Mañás*, en San Martiño de Calvos de Sobrecamiño (Arzúa) e na toponimia leonesa existe un *Villamañán*. É verosímil que estes dous topónimos garden a memoria dun antigo poseedor chamado *Mañán* ou *Mañá*.

Dende o século XVI rexístrase o apelido *Mañán* (*Catalina Mañán*: ano 1537; AHUS), *Antonio Mañán*, veciño da parroquia da Barciela (Santiago; a.1608), *Bartolomé Mañán*, labrador, veciño da freguesía de Gonzar (O Pino; a.1638 ACS), *Fernán Mañán* (a.1656), *Juan Mañán* (A Coruña; a.1695-6), *Melchora Mañán* (A Coruña; a.1826 ARG). As datas apuntadas parecen indicar que a castelanización deste apelido aínda non debe de ser moi antiga.

Como apelido, a variante *Mañá* localízase hoxe principalmente na zona de Arzúa; a forma *Mañán* na Coruña; e a forma *Mañana* en Arteixo, A Laracha, Culleredo, Oleiros, Sada, Carballo, Cambre e A Coruña. Non se pode descartar que as persoas que hoxe figuran rexistradas como *Maña* fosen orixinalmente *Mañá*, xa que este apelido existe e este tipo de alteracións de acento téñense dado por descoido dos escribáns noutros apelidos.

# REAL ACADEMIA GALEGA

A lingua galega ten hoxe vivos os adverbios *mañán* e *mañá* (sendo esta segunda forma a normativa), que corresponden ao adverbio castelán *mañana*. Por esa razón resulta sintomático que o apelido ***Mañana***, que motiva esta consulta, sexa un apelido case exclusivo de Galicia e que, curiosamente, presente a mesma distribución xeográfica de *Mañán*. Isto fai moi probable que o apelido *Mañana* sexa unha de tantas castellanizacións operadas polos encargados de rexistrar nomes, apelidos e topónimos nos séculos en que estaba prohibido redactar en galego calquera documentación.

Consecuentemente e ao abeiro da lei 40/1999 do 5 de novembro (BOE 266, 6/11/1999), que permite regularizar ortograficamente os apelidos galegos “cando a forma inscrita no Rexistro non se adecúe á gramática e fonética da lingua española correspondente” pódese restituír a forma propia do apelido *Mañá* ou *Mañán* que aínda teñen unha certa distribución xeográfica específica e que na fala viva corresponden ao adverbio *mañá* (forma normativa) ou *mañán* (variante dialectal)

